

COMUNICACIÓN DE AUGAS DE GALICIA**ASUNTO: CONTESTACIÓN AO ESCRITO DE ALEGACIÓNS DO PROMOTOR EN RELACIÓN AO PARQUE EÓLICO OUTEIRO GRANDE (IN661A 2011/1-4).****UBICACIÓN: CONCELLOS DE A ESTRADA E FORCAREI (PONTEVEDRA)****SOLICITANTE: SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN****Antecedentes**

Con data 17 de xuño de 2021, o Consello da Xunta de Galicia, acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o proxecto do parque eólico Outeiro Grande, promovido por AV Outeiro Rubio, SLU ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresariais de Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia, polo que a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais resolveu o 17 de xuño de 2021 declarar a tramitación de urxencia deste proxecto de acordo co establecido no artigo 44.2 da devandita Lei 5/2017 e no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o que supón a redución á metade dos prazos para o procedemento ordinario, salvo a presentación de solicitudes e recursos.

O 7 de abril de 2022, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicou no DOG Nº 68 a resolución do 9 de marzo de 2022 da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación pola que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) e declaración de utilidade pública, do proxecto do parque eólico Outeiro Grande, emprazado nos concellos da Estrada e Forcarei (Pontevedra) (expediente IN661A 2011/1-4).

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, o Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia Sur de Augas de Galicia, emite o correspondente informe de afeccións do Proxecto do Parque Eólico Outeiro Grande, en A Estrada e Forcarei (Pontevedra) ao Dominio Público Hidráulico en base ao informe de gardería do 5 de abril de 2022.

Con data 12 de abril de 2022, **Augas de Galicia emite informe** ao Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en relación á petición de informes sobre o Estudo de Impacto Ambiental e a Separata para Augas de Galicia do proxecto do Parque Eólico Outeiro Grande na provincia de Pontevedra no que se indica que, para que a actividade proxectada poida ser autorizable e dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, e non afectar a zona de servidume dos cursos fluviais, **deberase modificar a posición do aeroxerador OG-04.**

Con fecha do 30 de maio de 2022 ten entrada no Rexistro de Augas de Galicia a remisión, por parte do Servizo de Enerxías e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, da resposta do promotor ao informe sectorial de Augas de Galicia ao EsIA e a Separata do Proxecto asinado o 11 de abril de 2022.

Visto o informe de resposta del promotor ao informe emitidos por Augas de Galicia, no que se recollen as alegacións das cuestións realizadas no mesmo, emítense as seguintes consideracións que deberán ser tidas en conta, xunto co resto das consideracións emitidas con anterioridade:



Atendendo á solicitude do promotor, de avaliación da proposta e emisión de informe correspondente, por parte deste organismo de cunca, tras a revisión da proposta de autorizar a afección aérea do voo a zona de servidume dun leito cabe sinalar o seguinte:

1.- Normativa de aplicación:

Indicar o establecido no Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, do 11 de abril (RDPH), concretamente os artigos 6 e 7 nos que se define a zona de protección do dominio público e concretamente a zona de servidume:

"Artículo 6: (...) 2. La protección del dominio público hidráulico tiene como objetivos fundamentales los enumerados en el artículo 92 del texto refundido de la Ley de Aguas. Sin perjuicio de las técnicas específicas dedicadas al cumplimiento de dichos objetivos, las márgenes de los terrenos que lindan con dichos cauces están sujetas en toda su extensión longitudinal:

a) A una zona de servidumbre de cinco metros de anchura para uso público, que se regula en este reglamento.

b) A una zona de policía de cien metros de anchura, en la que se condicionará el uso del suelo y las actividades que en él se desarrollen (...).

Artículo 7: 1. La zona de servidumbre para uso público definida en el artículo anterior tendrá los fines siguientes:

a) Protección del ecosistema fluvial y del dominio público hidráulico.

b) Paso público peatonal y para el desarrollo de los servicios de vigilancia, conservación y salvamento, salvo que por razones ambientales o de seguridad el organismo de cuenca considere conveniente su limitación.

c) Varado y amarre de embarcaciones de forma ocasional y en caso de necesidad. (...)

3. Con carácter general no se podrá realizar ningún tipo de construcción en esta zona salvo que resulte conveniente o necesaria para el uso del dominio público hidráulico o para su conservación y restauración. Solo podrán autorizarse edificaciones en zona de servidumbre en casos muy justificados.

Las edificaciones que se autoricen se ejecutarán en las condiciones menos desfavorables para la propia servidumbre y con la mínima ocupación de la misma, tanto en su suelo como en su vuelo. Deberá garantizarse la efectividad de la servidumbre, procurando su continuidad o su ubicación alternativa y la comunicación entre las áreas de su trazado que queden limitadas o cercenadas por aquella."

2.- Análise:

Una vez revisada as xustificacións aportadas polo promotor para autorizar o voo das pas do aeroxerador en zona de servidume e dominio público hidráulico (DPH) cabe salientar que o artigo 7.3 indica que na zona de servidume non se pode realizar ningún tipo de construción salvo que resulte convinte ou necesario para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. E a continuación indica que soamente poderán autorizarse edificacións en zona de servidume en casos moi xustificadas. No seguinte parágrafo do artigo indica que as edificacións que se autoricen executaranse nas condicións menos desfavorables para a servidume e coa mínima ocupación da mesma, tanto no seu solo como no seu voo.

Cabe precisar que para este organismo de cunca as infraestruturas propias para a xeración de enerxía eólica non teñen a consideración do uso "convinte ou necesario" aos efectos do artigo 7.3 do RDPH e **polo tanto deberanse someter ao rexime xeral de prohibición** establecido no citado artigo para a realización de calquera tipo de construción na zona de servidume e DPH, dita prohibición afecta tanto



ao solo como ao seu voo. Neste senso, coma xa se informou, as pas do aeroxerador OG-04 atópanse en zona de servidume e cruzan o DPH sen que resulte acreditado polo promotor a concurrencia dalgunha causa ou circunstancia que xustifique suficientemente excepcionar dito reximen xeral.

En consecuencia conforme ao disposto no citado artigo 7.3 do RDPH, **o aeroxerador OG-04 non pode ser autorizado nas condicións proxectadas, tanto no seu solo como no seu voo**, polo que se deberá modificar a posición de dito elemento do parque que afecta a esta zona e realizar as actuacións necesarias para eliminar dita afección.

3.- Conclusión:

En base á información dispoñible (documentación presentada, afección detectada no visor de Augas de Galicia, informe de gardería fluvial e a normativa de aplicación), procede ratificarnos no informe sectorial de Augas de Galicia de data 11 de abril de 2022 no que se afirma **para que a actividade proxectada poida ser autorizable e dar cumprimento ao establecido no artigo 7.3 do RDPH, e non afectar a zona de servidume dos cursos fluviais, deberase modificar a posición do aeroxerador OG-04.**

Santiago de Compostela

- A Xefa de Área de Autorizacións e Concesións-María C. Beneyto González-Baylin-(Sinatura Dixital).
- O Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico-Roberto Arias Sánchez-(Sinatura Dixital).

